

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

CEMIPLIMAB

Para o tratamento en monoterapia de pacientes adultos con carcinoma cutáneo de células escamosas (CCCE) metastásico ou localmente avanzado que non son candidatos para cirurxía ou radiación curativa, e que cumpren os seguintes criterios:

- 1.- Esperanza de vida ≥ 3 meses
- 2.- Non recibir previamente fármacos anti-PD-1/PD-L1 ou outro inhibidor do punto de control inmune
- 3.- ECOG 0-1
- 4.- Ausencia de comorbilidades que desaconsellen o uso
- 5.- Ausencia de metástases cerebrais clinicamente activas

Outras consideracións:

- Administrarase ata progresión ou toxicidade inaceptable.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde